CONCELLO DE SANTIAGO
Praza do Obradoiro, s/n
15705 Santiago de Compostela
Tel. 981 542 300

O alcalde de Santiago de Compostela

Xosé Antonio Sánchez Bugallo

Saúda

A toda a cidadanía compostelá e visitantes que se atopen no noso concello co gallo das festas do Apóstolo e convídaos a gozar nestes días sinalados de todas as actividades que desde o Concello se ofrecen.

[rúbrica]

Santiago de Compostela, 24 de xullo de 2008

ESTRUTURA DO SAÚDO

DEFINICIÓN

É un documento de carácter protocolario utilizado para comunicacións breves como agradecementos, felicitacións, ofrecementos, etc.

OBS. Pola súa natureza e obxectivos permite unha maior liberdade expresiva; así e todo débense evitar redaccións arcaizantes ou recargadas.

Polo seu carácter protocolario, pódense utilizar tratamentos, tanto para o emisor como para o destinatario. Por outra banda, este é un dos poucos documentos onde o emisor fai referencia a si mesmo en terceira persoa. Habitualmente, o texto céntrase e utilízase un papel de medida inferior ao estándar.

ESTRUTURA

Cabeceira

• Identificación do emisor

En primeiro lugar débese indicar cal é o órgano emisor do documento. A seguir, e de xeito opcional, pode levar o nome e apelidos da persoa que o ocupa.

Corpo

Ábrese a comunicación coa palabra *Saúda*. En liña á parte indícase o nome e os apelidos do destinatario ou o seu cargo (en función da causa pola que se lle envía o saúdo), precedidos pola preposición *a*, e o motivo do documento.

Ás veces, tras o texto de saudación engádese a invitación a un acto, polo tanto fúndense dous documentos: o convite e o saúdo.

O corpo do saúdo remata cunha fórmula de despedida como: *E aproveita esta ocasión para lle manifestar a súa consideración máis sincera.*

Peche

• Lugar e data

Como norma xeral os anuncios tamén deben levar a datación da súa publicación ou da súa emisión, tendo en conta que as datacións non levan preposicións (nin *en* antes do lugar nin *a* antes da data) e que o nome do lugar débese separar da data mediante unha coma.

• Sinatura

Aínda que pode levar rúbrica, esta é opcional.